

# Programa Nacional de Internacionalización da I+D

miércoles, 10 de junio de 2009

Secretaría de Estado de Investigación publicou recentemente a Resolución pola que se convocan, para o ano 2009, axudas de varios subprogramas do Programa Nacional de Internacionalización da I+D. As axudas convocadas mediante esta resolución corresponden aos seguintes subprogramas:

A) Subprograma de Fomento da Cooperación Científica Internacional (FCCI) (capítulo II e III): dirixido a impulsar a participación de institucións de I+D e investigadores españois en actuacións internacionais de cooperación científica. As modalidades de actuacións obxecto desta convocatoria son:

a) Modalidade ACI-COMITÉS: Actuacións para a creación e/ou funcionamento en España de estruturas de xestión e soporte dos comités científicos nacionais que realicen actividades en relación con organismos, programas, unións, e comités de ámbito internacional.

b) Modalidade ACI-COLABORA: Actuacións para potenciar as relacións científicas con outros países, incluíndo proxectos de investigación conxunta, dentro do marco de acordos bilaterais específicos que España suscribira con outros países.

c) Modalidade ACI-PROMOCIONA. Accións concretas de promoción da ciencia e tecnoloxía españolas no ámbito internacional.

Ademais das axudas ordinarias, dentro de este subprograma, convócanse, con carácter de urxencia, as axudas no marco do Plan E (ACI-PLAN E):

a) Axudas para proxectos de investigación que complementen a contribución financeira da Unión Europea e da Empresa Común Europea ENIAC.

b) Axudas para proxectos de investigación dentro do Programa transnacional entre España, Francia, Alemaña e Portugal, no ámbito da Xenómica de Plantas e a Bioeconomía baseada no coñecemento (PLANT-KBBE).

c) Axudas para proxectos de investigación e outras accións complementarias orientadas ao fortalecemento da competitividade internacional na área da Medicina Rexenerativa, no marco do Programa de cooperación científica co California Institute of Regenerative Medicine (CIRM).

d) Axudas para proxectos de investigación dirixidos a impulsar a cooperación internacional na área da investigación traslacional con células nai con fins terapéuticos.

e) Axudas para a creación e mellora de infraestruturas dirixidas a impulsar a cooperación internacional na área da investigación traslacional con células nai con fins terapéuticos.

f) Axudas para proxectos de investigación co obxectivo de impulsar a cooperación internacional entre España e Xapón no ámbito das nanotecnoloxías e os novos materiais para os retos medioambientais e o desenvolvemento sostible.

g) Axudas para proxectos de investigación e/ou de desenvolvemento tecnolóxico relacionados coas infraestruturas científicas de carácter internacional, ou con grandes infraestruturas de excelencia localizadas no territorio nacional e con proxección internacional, no ámbito das enerxías alternativas e entornos de excelencia internacional noutros sectores.

B) Subprograma de Euroinvestigación: orientado a promover a investigación de calidade a través do financiamento de axudas para a realización de proxectos de investigación e outras accións no ámbitos dos Programas Era-Net e outros programas de cooperación transnacional (capítulo IV).

C) Subprograma de Accións Integradas: para ampliar e fortalecer as relacións científicas internacionais, favorecendo os intercambios entre grupos de investigación, no marco de proxectos de investigación conxuntos, que desemboquen en colaboracións consolidadas que poidan dar lugar á participación conxunta en proxectos europeos ou proxectos internacionais, en base aos convenios de colaboración establecidos entre España e os demais países participantes (capítulo V).

O financiamento, tipos de proxecto e beneficiarios, así como o prazo e forma de presentación de solicitudes para cada un dos subprogramas dos que consta esta convocatoria, especificase nos capítulos correspondentes a cada un deles.

Para máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2009/06/03/pdfs/BOE-A-2009-9227.pdf>

Esperando que esta información sexa do voso interese.

Atentamente.